

CÓDIGO	E7
Nome do entrevistador	E
Lugar da entrevista	Noia
Fecha	28/04/2015
Tipo de entrevistado	Usuario con esquizofrenia

E: Vale primeiro de nada cantos anos levas na creba?

E7: Eu exactamente non o sei.

E: Mais ou menos.

E7: Levarei uns...entre... un ano e medio e dous anos que deixei e... medio ano que deixei outra vez, dezaseis ou dezasete anos.

E: En qué momento decides entrar na creba?

E7: Con 27 anos.

E: Con 27 anos?

E7: Falounos a asistente social, cando enfermei, de que había un centro en Noia. Eu son de (nome do pobo), que había un centro en Noia, A Creba que iban personas coa mesma miña enfermidade, e faloume a miña familia porque eu estaba discapacitado ou sedado e querían que entrara aquí no centro.

E: Si, ¿E que significa a creba para ti hoxe en día?

E7: Para min é a miña segunda familia, os meus amigos, (risas).

E: Qué bonito (risas).

E7: (risas).

E: E ¿Qué tarefa fas aquí? Osea, ¿Cal é o teu traballo dentro da Creba?

E7: Bueno eu estiven un pouco nun, un pouco noutro, pero no que máis estiven foi en e marquetería.

E: ¿En marquetería? ¿Facendo marcos?

E7: Siiii.

E: Vale e agora mesmo, ¿En dónde estás?

E7: En cestos.

E: E,¿Cal é o que che gusta máis?

E7: Ahora mesmo estou moi contento en cestos.

E: ¿Si en cestos?

E7: Si, estuwen en marquetería pero decidinme cambiar.

E: E en costura ¿Estuvestes?

E7: Si estuwen pouco tempo tamén.

E: Bueno o teu favorito por ahora cestos logo ¿Non?

E7: Si.

E: Vale, e o teu diagnóstico... de qué estás diagnosticado?

E7: De esquizofrenia paranoide.

E: Vale.

E7: Non lle preguntei o médico aparte da paranoide si tiña algo máis.

E: Vale eso é o que che iba preguntar agora, polo resto a túa salud impecable entón?

E7: Eu teño un pouquichiño díxome o médico de colesterol.

E: De colesterol?

E7: Si un pouquichiño, estou a dieta.

E: Estás a dieta?

E7: Poñennos deita e todo aquí.

E: Ah eso é unha marabilla, vale e tes algunha discapacidad reconocida?

E7: Si.

E: E o estado reconeceche alguna discapacidad?

E7: Si.

E: Si, vale. ¿Cantos anos levas ca enfermidade?

E7: Dos 27 hasta os 43... 16 anos.

E: Vale e no momento no que che din... tes unha enfermidade mental. ¿Como che afecta eso as túas emocións? Ben, mal, rolo consideras desde que cho din, mellorou a situación?

E7: No, eu cando me colleron coa enfermidade fun eu voluntariamente para o hospital.

E: Perfecto.

E7: Porque reconocín eu a miña enfermidade.

E: Vale.

E7: Eu... sabes que pasa que eu.... Foron moitas cousas os que me pasaron... moitas miotas.

E: ¿Moitos problemas?

E7: Pódense chamar problemas si.

E: Bueno como ti queiras denominalos.

E7: Si, vivencias problemas, arraigos de todo un pouco.

E: Vale e hubo cambios na túa vida tanto familiar, como personal, como cos amigos, cos veciños... ee desde que sabes que tes a enfermidade mellorou a situación?

E7: Desde sempre

E: Mellorou, empeorou...

E7: Desde que saben que teño a enfermidade?

E: Si.

E7: Si pódese dicir que a xente, sobre todo a xente maior, que dime que tal estás preocupase mais por min, a xente mallor, ai filliño, cóllenme da man....

E: (risas).

E7: (risas) como che vai?

E: Está ben.

E7: Cóidate e esas cousas.

E: E cos amigos ben? Apolláronche?.

E7: Os amigos na creba?

E: Os amigos que ti consideres como tal.

E7: Os amigos que teño andan a súa vida, casaron, están fora, pero en realidade non tuven moitas amizades porque eu antes non reconecía a miña enfermidade non coñecía que estaba enfermo e eu non era podía dicir diferente os demais, tiña algo aí, que non sabía que era, entón había diferenzas tanto nos estudos como en todo.

E: E agora que o sabes mellorou esa situación? estuvestes máis aberto ou menos tímido ou máis sociable...?

E7: Eu amigos, e que amigos non tuven.

E: Aquí por exemplo cos de aquí....

E7: Cos de aquí ben.

E: Por exemplo agora, desde que estás na creba, pensas que che foi máis capaz ou fácil conocer amigos ou amistades ou conocidos ou veste máis aberto ou no ou sigues como antes?

E7: Estou... mellorei un pouco.

E: Vale, e mira a túa familia de orixe e decir a tua familia... o teu hogar.

E7: Si.

E: Como era a vida con teus país.... Antes da enfermidade?

E7: Antes da enfermidade?

E: Si.

E7: Un pouco delicada podese decir, que un pouco delicada, si vamos a principios...Eu podese decir que fun un neno non deseado (risas).

E: Bueno eu tamén...

E7: E podese decir notase a diferenza co meu irmán que é tres anos maior que min. Noto a diferenza que había con meu irmán que foi buscado a min, e eu entón non lle encontraba explicación a eso, a min chocábame moitísimo decía pero a ver que teño eu? A min creábame moitísimo complexo.

E: Xa normal.

E7: Aparte a min as cousas antes deso para min foi un trauma.

E: E sodes dou irmáns ou máis?

E7: Somos dous irmáns que me leva el tres anos e despois teño dúas irmáns que me levan dez e doce anos son maiores que min.

E: Mais grandes e tes sobriños?

E7: Si teño sobriños delas, de meu irmán teño unha sobriña tamén adoptárona.

E: Hai que ben.

E7: Si porque no podían ter fillos, son o padriño dela.

E: Si? E lévaste ben con todos os sobriños?

E7: Intento levarme ben pero rompéronme máis cousas... porque miñas irmáns lévanme dez anos e miñas sobriñas eran casi da miña idade.

E: Xa.

E7: Lévolle a un... o mallor lévolle cinco anos e o outro lévolle seis asique andábanme nas cousas collíanme a radio, collíanme todo.

E: Normal son nenos (risas) E hoxe en día donde estás vivindo? Estás vivindo con teus país???

E7: No agora estou vivindo nun piso na Creba.

E: E recibes algunha do estado para pagar o piso ou telo que pagar ti...

E7: Eu cobro por enfermidad, e pago o piso.

E: E que tal no piso sínteste ben estas cómodo?

E7: Si.

E: Vives con máis usuarios da Creba?

E7: Somos cinco, catro, si, no, somos cinco, eramos catro e comigo cinco.

E: E mira canto levas vivindo en pisos?

E7: Eu pouco, levo un mes na máis.

E: Ah un mes vale.

E7: Eu xa estivera noutro piso antes.

E: E en cal mellor no de antes ou de agora?

E7: En este, porque no de antes hubo uns problemas aí que expulsaron a unha morea deles.

E: Si?

E7: Por facer o gamberro portábanse mal e hubo que facer unha corrección aí.

E: Si? Ti non no?

E7: Eu non, pero eu tamén me fun despois de que botaran, de que expulsaran a eles eu funme tamén porque despois de quince días ían volver, ían seguir nas mesmas... e despois fumaban chocolate e mariguana.

E: E non se pode...

E7: E estar nunha convivencia así, cando se son moitos non podes facer eso, porque non hai un orden non pode estar un sentado así no sofá e queres falarlle ou decirlle calquera cousa e non podes.

E: Claro non estás cómodo ti na túa casa.

E7: Estás na túa casa tes as túas cousas na habitación e non sabes si che van roubar, unha persona que ten unha adicción as drogas, normalmente para conseguir máis cartos ou o que sea.

E: Si si.

E7: Depende como sea a maneira de vender de conseguir, eu estaba cómodo no meu cuarto, tiña as miñas cousas, o meu tabaco, algo de cartos, tiña a cartilla do banco e esas cousas.

E: E claro estabas incómodo normal!

E7: E metían xente de fora, que era delinciente, que xa estivera na cárcel e eu sentíame incomodísimo alí, e cando os botaron pois eu tamén me fun.

E: Fixestes ben. E bueno e agora ben no?

E7: Ahora neste piso ben solo fumamos eu e (nome do compañeiro) tabaco , e os outros non fuman nada, non teñen vicio ningún, a ver si nos quitamos agora nos do tabaco tamén.

E: Eso está moi ben.

E7: A ver si tres poden máis que dous.

E: Ojalá.

E7: Si.

E: Ee vale, vale e traballastes algunha vez fóra da Creba?

E7: Si tuven accidentes tamén por culpa do traballo

E: E en qué traballastes?

E7: Estuven en transportes, pintando hospitales, estuven en carreteras, estuven na construción, estuven de axudante de cociña, estuven de... (Risas)

E: De todo (risas)

E7: (risas)

E: E actualmente agora mesmo tes algún traballo fora da Creba?

E7: No.

E: Nada? E en que é o que máis che gusta traballar?

E7: En transportes, andando con material e mercancía. Eu estuven tamén eu fora (tos) metíanme nas lavadoras a cargar e descargar home, todo o verán a descargar lavadoras. Lavadoras e neveras neveras grandes desas.

E: Carai e que hobbies tes fora da Creba que é o que máis che gusta?

E7: Ahora mesmo ningún pero quero irme apuntar o gimnasio.

E: Moi ben.

E7: Que conste que eu xa estivera no gimnasio en Tenerife estuven seis anos, os seis anos que estuven estuven facendo atletismo. Pero bueno eso foi antes de empezar a traballar, de xóven... e estuven facendo aletismo e gimnasio os seis anos que estuven alí e ese é o meu hobbie o do deporte.

E: Ah bueno pois o deporte é maravilloso. E en canarias que estuvestes vivindo con teus pais ou ti solo?

E7: Eu solo.

E: E actualmente tes parexa?

E7: No, non teño.

E: E con anterioridad?

E7: No

E: E fillos tampouco no?

E7: No, non teño fillos.

E: Vale perfecto. E en qué ano nacestes? Qué día nacestes?

E7: No 72, o catro de abril.

E: O catro de abril?

E7: Oi o sete de abril, o catro de abril, o mes catro do día 7 (Risas)

E: (Risas) Está ben vale e qué estudantes?

E7: No no.

E: A primaria?

E7: No, non podía estudar tiña un trauma, un trauma, tuven un golpe aquí que me tuveron que poñeer grapas e tuveronme que coser, en transportes caín...

E: Carai.

E7: Xa che dijo, era moi despistado porque tiña un trauma que eu non sabía que eu non recordaba ese trauma, entonces había algo aí que non me deixaba a min ver as cousas ben a parte as cousas que me biñeron acarreado ser fillo non deseado, e moitas cousas que me pasaron, tuven que empezar a traballar moi xóven, despois miña nai tuvo que traballar que se separaron.

E: Separaronse?

E7: Si e meu pai ía o mar e eu non os vía nin a un nin a outro e quedei no piso solo con 16 anos.

E: Moi xóven.

E7: E traballaban e non había quen me collera a bombona e non había quen me fixera a comida, e non había quen me lavara a roupa e tiña que facer eu todo. As veces a bombona non a podía coller e estaba sin gas e non podía facer a comida que non tiña gas, pois o tempo que tiña eu era xóven e xuntábame ca xente xóven.

E: Non querías ser amo de casa ti querías quedar coa xente.

E7: Tiñas que traballar moitísimas horas que antes había que traballar.

E: Xa, e bueno...e tes algún plan de futuro? Justaríache estudar?

E7: Non son capaz de estudar (tos) non me concentro, non son capaz.

E: Para estudar non valerás pero para traballar según ti dis vales de sobra (risas) justaríache encontrar traballo?

E7: (risas) Si pero para traballar en cousas cargando hormigoneras....E agora doeme a espalda tamén, doeme a espalda non sei de que é... de agonía ou de que collín peso... eu aparte baixei moito o lombo, a min dixéronme que tiña desviada a columna na mili.

E: Fostes a mili?

E7: Si fun, eu librei polos pes planos, tiña os pés torsidos, e librei por eso.

E: Ah bueno tuvestes suerte.

E7: Pero fixen a instrución e fixéronme a revisión médica, e dixéronme que tiña a columna desviada, e máis dixéronme que tiña un soplo o corazón.

E: Tamén, carai.

E7: Si dixéronme eso

E: Pois mira o final o gimnasio e o deporte vanche vir moi ben, a ver hai que ter cuidado e míralo ben.

E7: Si máis ben para mantemento...

E: Si para baixar un pouquiño, facer músculo.

E7: O máis importante do gimnasio é a dieta eh, de moitas vitaminas.

E: Si de comer de todo fruta, verdura...

E7: Moitas proteínas e poucos hidratos de carbono.

E: (risas)

E7: (risas) e pouca graxa moi pouquiña.

E: Tes todo estudiado.

E7: Bueno xa sei...jajaja estudiei, ía a biblioteca dos Cristianos de Tenerife, está pegada, estudiei alí a dieta dos culturistas, e da xente deportista.

E: Si?

E7: Si ía a biblioteca e había un libro alí.

E: Justabache?

E7: Pois si.

E: Bueno entonces o plan de futuro que tes é o gimnasio non?

E7: Pero nunca fixen nada en serio, máis nunca me chega a economía, un desastre

E: Bueno pero agora ben non?

E7: Si contrólanme os cartos, lévanme a economía.

E: Contrólanche aquí?

E7: Si aquí e en casa contrólanme.

E: Pero eso tamén está ben para axudarche un pouco.

E7: Así estou contento, estou moi contento sinon non había cartos que me chejaran eh. Vólome loco, gasto todo (risas)

E: (risas)

E7: Si.

E: E bueno agora ben non ?

E7: Si si, si non si se gasta todo vólome loco, menos mal que miña nai me aforra algo porque si non...

E: Si afórrache ela?

E7: Si.

E: Bueno para ir de vacacións algún día...Justaríache volver a Tenerife?

E7: Ou para deixarnos ós descendentes, a familia.

E: Ah claro eso está claro. Está ben, e justaríache viaxar?

E7: No no xa me fartei de ir polo mundo adiante.

E: Nin de vacacións?

E7: Foi traballando, xo sei pero no non me gusta salir desto. A ver en Noia aínda bueno, pero no me gustaría irme a Madrid, Barcelona ou a Coruña, un día a Santiago ou a Coruña, pero un día eh ida e volta no mesmo día. Non quidarme a durmir alá.

E: E con teus país tes boa relación? Faládesvos e así?

E7: Si meu pai aínda me dá algúns cartos a escondidas así dez ou quince euros. Onte doume vinte euros o verme e soltoume vinte euros. Bueno tamén me da cinco e así, que non me podo queixar eh que aquí danme o tabaco.

E: Si?

E7: Si danmo eles.

E: Ah no sabía! E cres que si queres deixar de fumar che van axudar aquí?

E7: Tería que poñer eu da miña parte tamén. Bueno si non deixo polo menos reducir, a dez, dez pitillos ó día.

E:E cantos fumas agora?

E7:Fumo máis dun paquete o día.

E: É moito non? Hai que reducir.

E7: Ahora vou ir no gimnasio e as 2 horas que bote alí xa non se me acorda o pitillo.. Mira agora o tempo que levamos aquí non me acordou o pitillo. E máis cando sales do gimnasio non che apetece, non compenetra unha cousa coa outra.

E:Bueno pois moitas gracias esto é todo acabamos e moitas gracias por todo.